

Escola Superior de
Enxeñaría Informática

Informe final
2010-2011

Plan de Acción Tutorial

Tabla de contenidos

Presentación.....	3
Cumprimento da planificación e seguimento do PAT.....	3
Fichas de seguimento.....	5
Cuestionarios de satisfacción.....	7
Avaliación dos indicadores.....	10
Consecución dos obxectivos	10
Melloras a introducir para o curso 2011-2012.....	12

Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial.**

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

Nas seguintes fichas reflíctense os datos facilitados polos titores participantes no PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Bloque O: Organización					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveus e Parcialmente	Desenvolveus e Totalmente		
Sesión de Organización-Presentación			X	Desenvolveuse con total normalidade	8 profesores
Reunión Alumnos-Titores		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións. Nos outros, desenvóléronse con normalidade, cubrindo as fichas correspondentes.	34
Asesoramento Seguimento Continuo	X			Non se solicitaron reunións destas características	0

Análise-Avaliación Parcial do PAT			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos titores e a coordinadora do PAT.	1 coordinador 8 titores
Análise-Avaliación Final do PAT			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos titores e a coordinadora do PAT. Os cuestionarios de satisfacción do alumnado foron solicitados via email (contestaran 17 alumnos)	1 coordinador 8 titores

Bloque 1: Acollida

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión Informativa			X	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos os implicados	60

Bloque 2: Planificación

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	26
Reunión Individual de seguimento		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	23
Entrevista Individual		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	16
Toma de Decisións Que facer ao finalizar o curso?		X		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	3

Bloque 3

Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Atención á Diversidade	X			Non se detectou ningún tipo de necesidade específica de apoio educativo	0

Conclusións

- Realizáronse todas as reunións planificadas.
- Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.

O PAT está orientado e planificado para os alumnos de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, distribuídos en 8 grupos, supervisados polos titores, así coma para os alumnos extranxeiros, supervisados por un único titor, que é o encargado de facilitarlles a súa estadía no Centro.

Ficha para a Avaliación do PAT				
Análise Final de Seguimento (media) dos implicados				
Ítem	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Asistencia media dos alumnos ás sesións de organización: 4	X	--	--	No momento de realizar a sesión, había moitos estudantes que aínda non estaban matriculados na titulación.
Asistencia media dos alumnos ás sesións de acollida: 6	--	X	--	
Asistencia media dos alumnos ás sesións de formación: 4	X	--	--	Algúns estudantes eran repetidores e non asistiron ás reunións do PAT
Asistencia media dos alumnos ás sesións do PAT: 4	X	--	--	Algúns estudantes eran repetidores e non asistiron ás reunións do PAT
Número de reunións sen asistencia de alumnos:	X	--	--	Algúns estudantes eran repetidores e non asistiron ás reunións do PAT. Outros non asistiron a ningunha reunión nunca.
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • Na meirande parte dos grupos a asistencia dos alumnos foi escasa, e diminuíu ó longo do curso. • Os alumnos participantes fixéronno de forma continua. • En varias reunión non se presentou ningún alumno, e este feito coincidiu sempre nos mesmos grupos do alumnado. • O alumnado que realmente necesita axuda (malos resultados académicos) non asiste ás reunións, aínda que o feito de ter asistido non garante resultados académicos positivos. 				

Fichas de seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas polos coordinador/titores en cada reunión realizada e nelas se reflicten as dificultades e problemas detectados no desenvolvemento do curso académico.

Análise xeral das fichas de seguimento
<ul style="list-style-type: none"> • A través das sesións informativas do PAT o alumnado de novo ingreso dispón dun bo mecanismo que lle permite coñecer aspectos da vida universitaria. • O PAT permite resolver/canalizar en gran medida as dúbidas/preguntas expostas con respecto a temas administrativos/académicos. • Introducíronse por primeira vez as redes sociais como mecanismo de interacción co alumnado. • Unha gran parte dos alumnos asistentes amosaron interese polo desenvolvemento da titorización personalizada, observando confianza e sinceridade cos titores e alta preocupación polos estudos. • Foron poucos os problemas ocasionados por factores externos á aprendizaxe. • En ocasións as consultas foron realizadas polos alumnos vía correo electrónico. • Un número significativo dos alumnos asistentes indican que a súa aprendizaxe non é continuada e que non asisten regularmente ás clases. • Na maior parte dos estudantes detectouse falta de organización e planificación no estudo.

- Un problema que preocupou aos alumnos foron as datas de resolución das adaptacións e convalidacións da Universidade, incompatibles en ocasións cos prazos de matrícula das bolsas de estudos.

Dificultades, queixas, suxerencias e problemas detectados

De carácter xeral

- o Os alumnos que non se matriculan nos primeiros prazos teñen dificultades para incorporarse aos grupos de traballo e para a realización dos traballos dos mesmos.
- o Dificultade, por parte do alumnado, para o seguimento dalgunhas materias.

Relacionados co proceso de ensino/aprendizaxe das materias

O Relacionados coa **aprendizaxe cooperativa**:

- Nalgúns grupos, as datas son moi axustadas, e ás veces non teñen tempo de xuntarse e realizar o traballo en grupo nos prazos establecidos polos docentes.
- Nalgunhas materias e grupos, a reestruturación dos grupos, xuntando aos dos ciclos superiores e aos de bacharelato, perxudica ao alumnado de bacharelato, xa que queda sen tempo algúns días para realizar as tarefas.

O Relacionados co **traballo non presencial**:

- Carga de traballo excesiva nalgunhas ocasións.

O Relacionados coa **avaliación das materias**:

- Algunha materia ten un enfoque moi tradicional, o exame final ten un peso excesivo dentro da avaliación.
- Algúns profesores cambiaron os criterios de puntuación tras a realización das probas, e houbo diferencias entre os distintos grupos intermedios. Ademáis, non se explicaron os erros das probas, non houbo retroalimentación.
- Existen diferentes actividades de avaliación, nalgunhas materias, dependendo do profesor que imparta o grupo. Ademáis, o nivel é diferente entre eles.
- Algunhas metodoloxías de avaliación non lles parecen adecuadas: as actividades obrigatorias non se corríxen, apenas teñen peso na nota final.
- Na convocatoria de xuño e xullo hai materias que non conservan as partes aprobadas.

O Relacionados co **profesorado**:

- Algún profesor, polo seu tipo de relación contractual coa Universidade, non tiña a obriga de ter horas de titorías para atender ao alumnado.

O Relacionados coa xestión das materias:

- Nalgunhas materias, o material entregado é excesivamente básico.

O Relacionados co desenvolvemento das materias:

- Algúns profesores explican demasiado rápido.
- Nalgunhas materias precisarían máis exercicios prácticos, e as dúbidas e problemas non se resolven na clase.
- Nalgunhas materias detectouse falta de coordinación entre o profesorado da materia, e falta de coordinación na exposición e entrega de traballos, xa que podía haber ata dous meses de diferenza entre grupos.
- Os alumnos indican que teñen que empregar material de academias privadas para resolver os exercicios dalgunhas materias.
- Hai algunhas materias que os alumnos indican que deberían ser optativas de 4º curso, e que non lles aportan nada.

Do propio PAT

- Debería existir un medio informático para a coordinación do PAT.
- Os titores opinan que hai demasiada burocracia, e que os temas tratados non se axustan ao que debería ser o PAT: os alumnos cubren os formularios como un mero trámite e os profesores titores séntense incapaces, nalgunhas ocasións, de interpretar a información recibida.
- A valoración global do PAT, de cara ao funcionamento do curso e respecto aos alumnos asistentes, é positiva para algúns titores.
- Existe certo grao de frustración en algúns titores pola falta de asistencia do alumnado.

Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos por 9 alumnos. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

<i>Moi Mala</i>	<i>0</i>
<i>Mala</i>	<i>0</i>
<i>Boa</i>	<i>7</i>
<i>Moi Boa</i>	<i>2</i>

2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é:

<i>Moi Mala</i>	<i>0</i>
<i>Mala</i>	<i>0</i>
<i>Boa</i>	<i>4</i>
<i>Moi Boa</i>	<i>2</i>

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

Nada	0
Pouco	4
Bastante	2
Moito	3

4. Valora o grao de utilidade do PAT.

Nada	0
Pouco	2
Bastante	3
Moito	4

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

Si	8
Non	1
<p>¿Por qué?</p> <ul style="list-style-type: none"> o Resultou útil académica e profesionalmente, pero non precisou moita axuda por parte do titor. o Abordáronse problemas que poden suceder neses ámbitos. o Déronse consellos sobre o estudo para levar unha boa vida académica. o Mellora a motivación. 	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	5
Non	4
<p>¿Por qué?</p> <ul style="list-style-type: none"> o As reunións establecidas polas tardes ou en semanas previas aos exames non son datas adecuadas. o O titor permite cambiar as datas se non son axeitadas. o Cadraron despois dos exames e permitirona dar unha idea de como se levaba o curso. o Non fixeron perder tempo de clase. 	

8. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

Si	8
Non	1
<p>¿Por qué?</p> <ul style="list-style-type: none"> o É o alumno o que debe dirixirse ao titor de xeito particular se ten problemas. o Estaba todo bastante claro, e sempre se resolveron as dúbidas. o É axeitada a cada caso concreto. 	

9. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

Si	7
Non	2
<p><i>¿Por qué?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> o Polo mesmo que no punto anterior. o O titor pódese facer unha idea dos problemas. o Sempre se ten a man unha guía para solucionar os problemas. 	

10. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos:

	Moi mal	Mal	Ben	Moi ben
Metodoloxía empregada	0	0	7	2
Desenvolvemento dos contidos	0	1	7	1
Claridade da exposición.	0	0	5	4
Atención persoal aos alumnos	0	0	2	7
Aclaración de dúbidas	0	0	4	5

11. Qué eliminarías do PAT?

- A presencialidade planificada polo titor.
- Nada.

12. Que engadirías?

- o Un horario do titor para que os alumnos poidan dirixirse ao seu despacho en caso de dúbidas, problemas,...
- o Nada en especial.

Conclusións

- A valoración da documentación, información previa ofrecida, organización e coordinación do PAT é positiva.
- Aínda que o número de alumnos que participaron no PAT é moi reducido, a valoración da utilidade e o desenvolvemento do PAT é positiva.
- Os temas abordados no PAT son aplicables no desenvolvemento persoal, académico e profesional.
- As datas, a metodoloxía empregada e o sistema de seguimento son adecuados.

Avaliación dos indicadores

Ficha para a Avaliación do PAT				
Avaliación dos Indicadores				
Indicador	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Alumnos matriculados de novo Ingreso: 91	--	--	--	Datos non dispoñibles
Alumnos matriculados totais no centro: 633	--	--	--	Datos non dispoñibles
Egresados: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Taxa de Graduación: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Taxa de Abandono: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Taxa de Eficiencia: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Nº de Alumnos Enviados en Programas de Mobilidade: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Nº de Alumnos Recibidos en Programas de Mobilidade: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Taxa de Inserción Laboral: non dispoñible	--	--	--	Datos non dispoñibles
Conclusións				

Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.		X		
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.			X	
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		X		Escaso interese do alumnado

Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			X	
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.		X		Sen embargo, os alumnos son remisos ó traballo en grupo e non son capaces de organizalo
Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.		X		
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		X		Os titores pensan que non é a súa función

Conclusións

- Cumpríronse case todos os obxectivos do PAT, aínda que os logros non foron sempre os esperados. Ademais, os titores pensan que algúns dos obxectivos previos non deberían ser responsabilidade do PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT

Grao de Consecución dos Obxectivos

Obxectivos Específicos

Obxectivo	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Mellorar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.		X		Só un estudante de 1º é representante de alumnos
Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.		X		Moitos alumnos non están de acordo coa formación recibida
Reducir a taxa de abandono.	--	--	--	Información non dispoñible
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.			X	
Fomentar a inserción laboral dos alumnos...	--	--	--	Información non dispoñible
Aumentar a taxa de graduación	--	--	--	Información non dispoñible
Aumentar a taxa de eficiencia	--	--	--	Información non dispoñible

Conclusións				
<p>Cumpríronse parcialmente os obxectivos. É preciso mellorar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro e a satisfacción coa formación recibida.</p>				

Melloras a introducir para o curso 2011-2012

- o Revisar os anexos e suprimir a información non relevante.
- o Crear na Web da Escola un apartado de FAQs enfocado ao funcionamento do PAT.
- o Dau unha maior difusión ao PAT.
- o Reducir a presencialidade e implementar un sistema de reunión virtual.
- o Realizar unha presentación do PAT para os alumnos que se incorporan tarde ao Centro.